



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xeografía: O turismo no mundo actual

Materia	Xeografía: O turismo no mundo actual			
Código	O04G240V01104			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Díaz Fernández, José Antonio			
Profesorado	Díaz Fernández, José Antonio			
Correo-e	tonydiaz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			

Descrición xeral Panorama das claves interpretativas que explican o actual momento de desenvolvemento da actividade turística a nivel mundial e as súas tendencias actuais abordadas dende o punto de vista da xeografía. Neste contexto, realízase unha lectura espacial do turismo como actividade produtiva dependente dos valores do territorio e, polo tanto, indisoluble da paisaxe e da identidade territorial, unha identidade que se destrúe, ou se reconstrúe, co turismo, a través de complexos procesos de carácter económico, sociocultural e territorial. Analízanse os distintos escenarios do turismo nas grandes rexións turísticas mundiais, tanto a nivel de oferta coma de demanda, e os fluxos existentes entre elas. A análise territorial achega coñecementos clave para a comprensión da complexa e dinámica actividade turística, sendo especialmente reveladores coa aparición de novos escenarios baixo criterios de calidade ambiental e sostibilidade social. Con iso preténdese sentar unha base descritiva e conceptual que permita ao alumno contextualizar os coñecementos xeoturísticos que adquirirá ao longo do Grao de Turismo.

Dende unha perspectiva máis ampla, trátase de mostrar o carácter multidisciplinar do fenómeno turístico, con elementos de carácter social, económico, cultural, territorial, ambiental etc., que se relacionan de xeito sistémico entre si. Así, a achega conceptual, instrumental e metodolóxica da materia «O turismo no mundo actual» parece indispensable para a plena consecución das competencias e obxectivos xerais do Grao de Turismo.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado

C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C3	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos recursos naturais, culturais e patrimoniais relacionados coa actividade turística.
C4	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística.
C9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
D1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
D2	Compromiso ético

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprender e interpretar os compoñentes básicos do turismo como sistema	A1 A3	B3 B9	C1 C3 C4	D1
Coñecer e asimilar os trazos do desenvolvemento histórico e da distribución xeográfica do turismo no mundo	A1 A3 A5	B3 B6 B8	C10	D1
Coñecer e asimilar os elementos e os factores da localización e o desenvolvemento da actividade turística, así como das súas implicacións no territorio	A1 A2 A3 A4	B3 B5 B9	C1 C3 C4 C10	D1 D2
Coñecer as peculiaridades espaciais dos territorios dinamizados polo turismo e as implicacións sobre o territorio, o medio ambiente, a economía e a sociedade	A1 A3	B3 B5 B9	C9 C10	D2
Dominar o acceso ás fontes de información xeográfica relacionadas coa temática turística	A2 A3 A5	B1 B3 B6 B7 B8	C9	D1 D2
Demostrar capacidade de comunicación oral e escrita dos coñecementos adquiridos	A4 A5	B3 B5 B6	C1 C3 C4	D2

Contidos

Tema	
1. Aproximación xeral á natureza do turismo. O turismo como sistema.	.1.1. O turismo na doutrina e a súa evolución temática. .1.2. A realidade territorial e o turismo.
2. O desenvolvemento histórico e xeográfico do turismo.	.2.1. As aportacións da doutrina á materia turística. .2.2. A realidade territorial e os usos do solo turísticos. .2.3. Os factores que inciden no desenvolvemento do turismo.
3. Elementos e factores de localización e desenvolvemento turístico: as súas implicacións no territorio.	.3.1. A participación do turismo no eido territorial e os seus elementos dinamizadores nunha realidade cambiante. .3.2. A planificación do territorial en materia turística. .3.3. Os axentes dinamizadores do turismo.
4. A dimensión espacial da actividade turística a escala global: principais centros emisores, destinos receptores, principais fluxos turísticos, evolución recente do turismo internacional, perspectivas de futuro.	.4.1. A actividade turística no eido xeográfico global. .4.2. Os fluxos turísticos internacionais: principais áreas emisoras de turismo. .4.3. Os fluxos turísticos internacionais: principais áreas receptoras do turismo. Factores que inflúen na súa elección. .4.4. A incidencia internacional de factores socioeconómicos e sociopolíticos nos fluxos turísticos. .4.5. O marketing turístico e as súas estratexias.
5. Os espazos dinamizados polo turismo. Procesos e formas de organización do espazo resultante do turismo.	.5.1. Os usos do solo e a actividade turística. .5.2. A ordenación do territorio. .5.3. A planificación indicativa en materia turística. .5.4. O turismo e a súa contribución ao desenvolvemento endógeno local e rexional. .5.5. A Política comunitaria en materia de turismo. .5.6. A Estratexia española en materia de dinamización turística.
6. Turismo e cambios territoriais, ambientais, económicos e socioculturais.	.6.1. A transformación dos usos do solo xenerados polo turismo. .6.2. Os impactos positivos e negativos do turismo. .6.3. As variables que contribúen á dinamización territorial do turismo.

7. Fontes de información documentais, cartográficas e estatísticas relacionadas coa temática turística.

- .7.1. O manexo das fontes estadísticas en materia turística.
- 7.2. O emprego do SIG para o estudo do turismo no eido territorial.
- 7.3. A definición dunha planificación estratéxica sobre a materia turística dun destino.
- 7.4. A Análise DAFO en materia turística.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	25	0	25
Traballo tutelado	15	42	57
Seminario	3	0	3
Saídas de estudo	2	0	2
Saídas de estudo	0	0	0
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	70	70
Traballo	0	25	25
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación por parte do profesor dos contidos básicos da materia. Tratarase de incentivar a participación crítica e reflexiva do alumnado nestas clases teóricas. Propónse que o alumno sepa manexar as principais aportacións/Teses de opinión da doutrina para saber inferir esas aportacións á comprensión temática da materia O Turismo no Mundo Actual.
Traballo tutelado	Serán utilizados para complementar os contidos teóricos con exercicios de tipo práctico. Formulación e resolución de diversos materiais de temática turística, exercicios prácticos e audiovisuais para ser traballados na aula.
Seminario	Orientación do alumno na realización do seu traballo autónomo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e a organización do traballo de grupo. Tutelarase as prácticas aos GP e avaliarase a realización das prácticas explicadas oportunamente. Faceranse as exposicións dos traballos académicos de investigación nos GP ante o alumnado e o profesor
Saídas de estudo	A visita e saída de campo planificada para coñecer directamente espazos urbanos ou espazos naturais protexidos de interese turístico ten como obxectivo a observación da realidade e recollida de información por parte do alumno. Ademais, posibilitará o estudo de recoñecemento territorial para poder comprender a análise de campo e a planificación estratéxica do territorio obxectivo de estudo.
Saídas de estudo	

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de estudo	Planificar e programar as oportunas actividades e transmitir nas saídas académicas de estudo para fomentar un coñecemento temático-territorial dos recursos turísticos habidos e comprender a súa tipoloxía, sensibilidade territorial, potencialidades de desenvolvemento, políticas de posta en valor, etc. Proporase a participación e enriquecemento do alumno na saída académica a base de fomentar a súa intervención sobre as temáticas a explicar.
Seminario	Planificar e programar as diferentes sesións académicas para GG; GM, GP. Así, atenderase ao alumnado que solicite tutoría sobre a materia teórica-práctica a impartir. Por tanto, a atención será tanto individualizada ao alumnado como en formato grupal para cada grupo de traballo que precise atención tutorizada.
Traballo tutelado	Programar un modelo de realización do traballo grupal e expoñerase nas clases GM. Posteriormente o alumnado realizará unha estrutura lóxica do traballo e acadará a información oportuna. Para iso, ensinarase a empregar ferramentas como SIG, SITGA, Base de datos do INE, IGE, etc. Preténdese aquí que se familiarice co acceso as fontes de información e que sepa acceder aos datos estatísticos e xeográficos das diferentes plataformas de documentación estatística e xeográfica.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización dun examen con unha parte teórica que valerá un 40% e unha parte práctica que valerá un 30% da calificación final. Constará de dous partes: unha primeira parte referida aos contidos desenvolvidos nas clases teóricas da materia e unha segunda parte consistente nun exercicio práctico de características parecidas aos realizados nas clases prácticas. A cualificación da parte teórica suporá o 30% da cualificación final. A parte práctica o 20% da cualificación final. Deberase alcanzar unha puntuación de cinco (5) sobre dez puntos para poder facer o cómputo global de todas as actividades. Valoraranse os seguintes aspectos: - Con respecto á proba de teoría: estudo e asimilación dos contidos teóricos da materia, capacidade de síntese e capacidade de organización das ideas, precisión e claridade expositiva. - Con respecto ao exercicio práctico: capacidade de reflexión, de interrelación de contidos prácticos e teóricos, de sínteses e de organización de ideas, así como o nivel de actitude crítica do alumno.	70	A1 A3 A4 A5	B3 B5 B9	C1 C3 C4	D1 D2
Traballo	Elaboración e entrega dun traballo realizado en grupo fose da aula. Consistirá na avaliación turística dunha comarca ou localidade, de acordo a un guión preestablecido. Valoraranse os seguintes aspectos: - a capacidade de planificación e organización do traballo en grupo, a capacidade de análise, de interpretación e de síntese da información seleccionada, a actitude crítica , etc.	20	A1 A2 A3 A4	B1 B6 B7 B8 B9	C1 C3 C4 C9 C10	D2
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Como actividade académica complementaria realizarase unha visita a un espazo urbano de interese turístico polo seu carácter patrimonial. Ten como obxectivo a observación da realidade vinculada aos contidos explicados en clase. O alumno entregará unha breve memoria referida aos aspectos traballados na devandita visita.	10	A1 A2 A3 A4	B7 B8 B9	C1 C3 C4 C10	D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia será avaliada por un sistema de avaliación continua, a partir das competencias adquiridas. Para iso, terase en conta as actividades a avaliar nos GM e nos GP, así como a proposta de Examen Parcial de Novembro e o Examen Final da convocatoria ordinaria de Xaneiro. A cualificación final será a suma dos diferentes elementos avaliados tendo en conta aspectos teóricos e prácticos (final numérica de 0 a 10 pola lexislación vixente). Casos particulares serán expostos ao profesor/a da materia. Para acadar a avaliación positiva deberase superar os traballos prácticos, as prácticas obrigatorias da materia e os exámenes de desenvolvemento planificados no cronograma.

Os alumnos que non sigan avaliación continua poderán presentarse aos exames finais fixados na programación de exames da Facultade, aténdose aos seguintes criterios:

- Proba escrita. Exame xeral de carácter teórico que suporá o 70% da cualificación final.
- Realización dun traballo bibliográfico que suporá o 20% da cualificación final.
- O traballo práctico entregarase preceptivamente na data sinalada polo profesor: data da convocatoria de Xaneiro e data para a convocatoria de Xullo.

Segunda convocatoria:

Avaliarase o alumno coa realización dun exame final de carácter teórico-práctico que suporá o 50% da cualificación final, aténdose aos mesmos criterios xa expostos para a primeira convocatoria. Conservaranse as cualificacións de traballo de grupo, visita e outras actividades de avaliación continua que o alumno xa realizase. Naqueles casos que non se cumpra algún dos supostos mencionados anteriormente, o alumno deberá de compensalo mediante a realización dun traballo bibliográfico en relación co temario da materia.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro . En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ANTON CLAVÉ, S. e GONZÁLEZ REVERTÉ, A **PROPÓSITO DEL TURISMO. LA CONSTRUCCIÓN SOCIAL DEL ESPACIO TURÍSTICO**, Editorial UOC, 2008

LOZATO GIOTART, J. P., **GEOGRAFÍA DEL TURISMO. DEL ESPACIO CONTEMPLADO AL ESPACIO CONSUMIDO**, Masson, 1991

VERA REBOLLO, J.F (Coord.) et al., **ANÁLISIS TERRITORIAL DEL TURISMO**, Ariel, 1997

Bibliografía Complementaria

ÁVILA, R. et al., **TURISMO SOSTENIBLE**, IEPALA, 2002

BARRADO, D. A. e CALABUIG, J. (Eds.), **GEOGRAFÍA MUNDIAL DEL TURISMO**, Síntesis, 2001

BURTON, R., **TRAVEL GEOGRAPHY**, Pitman Group, 1997

CALLIZO SONEIRO, J., **APROXIMACIÓN A LA GEOGRAFÍA DEL TURISMO**, Síntesis, 1991

CAZES, G., **FONDEMENTS POUR UNE GÉOGRAPHIE DU TOURISME ET DES LOISIRS**, Breal, 1992

CRESPI, M. e PLANELLS, M., **DESTINOS TURÍSTICOS**, Síntesis, 2011

DE LA CALLE VAQUERO, M., **LA CIUDAD HISTÓRICA COMO DESTINO TURÍSTICO**, Ariel, 2002

DUHAMEL, PH. e KNAFOU, R., **MONDES URBAINS DU TOURISME**, Belin, 2007

FERNANDEZ FUSTER, L., **GEOGRAFÍA GENERAL DEL TURISMO DE MASAS**, Alianza, 1991

HERNÁNDEZ LUIS, J. A., **EL TURISMO DE MASAS: EVOLUCIÓN Y PERSPECTIVAS**, Síntesis, 2008

HOERNER, J. M., **GÉOPOLITIQUE DU TOURISME**, Armand Colin, 2008

LÓPEZ- GUZMÁN GÚZMAN, T.J. e LARA DE VICENTE, F., **TURISMO SOSTENIBLE: UN ENFOQUE MULTIDISCIPLINAR E INTERNACIONAL.**, Universidad de Córdoba, 2005

MESPLIER ,A. e BLOC- DURAFFOUR, P., **GEOGRAFÍA DEL TURISMO EN EL MUNDO**, Síntesis, 2000

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Recursos territoriais/O04G240V01304

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Socioloxía: Socioloxía do turismo/O04G240V01105

Outros comentarios

A materia O Turismo no Mundo Actual deberá facilitarlle ao discente a comprensión da conxuntura turística a escala internacional para coñecer o comportamento da demanda turística e os destinos elixidos pola mesma.